

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

6280 Orde HAP/1057/2013, do 10 de xuño, pola que se determinan a forma, o alcance e os efectos do procedemento de autorización da masa salarial, regulado no artigo 27.tres da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, para as sociedades mercantís estatais, fundacións do sector público estatal e consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal.

A Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, estableceu no seu artigo 27.tres que durante 2013 o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas autorizará a masa salarial, entre outras entidades, das sociedades mercantís estatais, das fundacións do sector público estatal e dos consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal, e o dito ministerio debe determinar a forma, o alcance e os efectos do procedemento de autorización das correspondentes masas salariais.

Esta orde dítase en uso da habilitación legal contida no citado precepto.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Concepto de masa salarial.*

A masa salarial do persoal laboral das sociedades mercantís estatais, das fundacións do sector público estatal e dos consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal está integrada polo conxunto anual das retribucións salariais e extrasalariais e dos gastos de acción social devindicados.

Para o cálculo da masa salarial exceptúanse, en todo caso:

- a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- b) As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.
- c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.
- d) As indemnizacións ou suplidos por gastos que realizase o traballador.

Artigo 2. *Ámbito persoal.*

A masa salarial comprenderá os conceptos indicados no artigo anterior que correspondan ao persoal laboral con contrato indefinido. Para estes efectos, exclúese o persoal directivo acollido ao ámbito de aplicación do Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades.

Dentro do persoal laboral con contrato indefinido diferenciarase, pola súa vez, o persoal cuxas condicións de traballo se determinen a través da negociación colectiva e o resto do persoal, que terá a consideración de non acollido a convenio colectivo. Para estes efectos, entenderase incluído no concepto de persoal non acollido a convenio colectivo tanto aquel que expresamente estea exceptuado da aplicación dun convenio e cuxa vinculación coa organización se articule exclusivamente a través dun contrato laboral individual, como aquel outro ao cal se aplique un convenio colectivo sectorial cuxas táboas salariais fosen melloradas mediante contrato laboral individual.

Artigo 3. *Ámbito temporal e condicións de homoxeneidade.*

Para calcular a masa salarial tomarase como data de referencia a do 31 de decembro do exercicio anterior e comunicárase o gasto anualizado e devindicado polos efectivos de carácter indefinido existentes en cada exercicio na dita data.

As variacións experimentadas na masa salarial entre un exercicio e o seguinte serán obxecto de valoración en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos de persoal e a súa antigüidade, como ao réxime privativo de traballo, xornada, horas extraordinarias e outras condicións laborais, e computaranse por separado as cantidades que correspondan ás variacións en tales conceptos.

Artigo 4. *Remisión da solicitude de autorización e órganos de coordinación.*

As propostas de masa salarial das sociedades mercantís estatais, fundacións do sector público estatal e consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal deberán ser remitidas no primeiro trimestre de cada ano á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

A remisión da información centralizarase a través dos correspondentes órganos de coordinación.

Para estes efectos, son órganos de coordinación:

- a) Nas sociedades mercantís estatais pertencentes ao grupo SEPI: a Sociedade Estatal de Participacións Industriais.
- b) Nas sociedades mercantís estatais en que a titularidade do capital público corresponda maioritariamente á Administración xeral do Estado: a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.
- c) Nas restantes sociedades mercantís estatais: o ministerio de que dependa o organismo público que sexa accionista maioritario do capital público delas.
- d) Nas fundacións do sector público estatal: a entidade de dereito público que exerza a súa tutela e, na súa falta, o departamento ministerial de adscrición.
- e) Nos consorcios do sector público estatal: o departamento ministerial de adscrición.

A intervención destes órganos de coordinación no procedemento limitarase a centralizar e remitir de maneira ordenada a documentación solicitada, actuar como interlocutores entre as diversas sociedades mercantís, fundacións e consorcios e a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e, con carácter xeral, contribuír a que flúa, en ambos os sentidos, a información necesaria para o adecuado funcionamento do procedemento.

Artigo 5. *Documentación que se deberá remitir xunto coa solicitude de autorización de masa salarial.*

Habílitase a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas para determinar e comunicar os formatos en que se deberá remitir a información necesaria para proceder á autorización da masa salarial.

En todo caso teranse en conta as seguintes prescricións:

1. A documentación que sirva como soporte xustificativo da información contida nel deberase conservar durante, ao menos, catro anos, período en que poderá ser solicitada en calquera momento polos órganos correspondentes da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas, para levar a cabo as comprobacións que se consideren oportunas.

2. Deberase remitir, xunto coa documentación solicitada, certificado do orzamento de gastos anual da correspondente sociedade mercantil, fundación ou consorcio, en que figuren os conceptos retributivos incluídos na masa salarial.

3. Deberase remitir información separada por cada convenio colectivo que rexa as relacións da sociedade mercantil, fundación ou consorcio, así como para o resto do persoal non acollido a convenio de acordo coa consideración que para tal efecto se fai no parágrafo segundo do artigo 2 da presente orde ministerial.

Artigo 6. *Contido da solicitude de masa salarial.*

A proposta de masa salarial presentada non deberá conter incrementos con respecto á do ano anterior salvo por algunha das seguintes causas:

- O incremento que poida establecer, se for o caso, a lei de orzamentos xerais do Estado para cada ano.
- O incremento que se poida producir por variación de efectivos fixos.
- O incremento producido como consecuencia das novas devindicacións do concepto de antigüidade de acordo co sistema de antigüidade que legal ou convencionalmente resulte aplicable.

No caso de que as leis anuais de orzamentos xerais do Estado e demais normativa orzamentaria determinen a aplicación de minoracións da masa salarial, estas recolleranse na comunicación do exercicio que corresponda con indicación expresa dos conceptos afectados.

Artigo 7. *Consecuencias da remisión da solicitude de masa salarial.*

As propostas de masa salarial que sexan remitidas en prazo e forma e coas condicións recollidas no artigo anterior entenderanse autorizadas, sen prexuízo das facultades de comprobación e control por parte da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas.

No suposto de que as propostas de masa salarial sexan remitidas en prazo pero incumpran as condicións recollidas no artigo 6, a autorización da masa salarial quedará en suspenso até que sexa obxecto de comprobación.

Tanto neste suposto como cando a proposta de masa salarial non sexa presentada en prazo por unha entidade, entenderase prorrogada a masa salarial do exercicio orzamentario inmediatamente anterior, logo de aplicación dos incrementos, minoracións e demais modificacións que correspondan en virtude das leis anuais de orzamentos xerais do Estado e demais normativa orzamentaria, e unha vez axustada aos cambios acaecidos nas súas condicións de persoal tanto no que respecta a efectivos de persoal e a súa antigüidade como ao réxime privativo de traballo, xornada, horas extraordinarias e outras condicións laborais.

En ambos os casos, por instancia da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas, a entidade estará obrigada a regularizar, con efectos retroactivos e conforme a normativa orzamentaria, todas aquelas medidas en materia de persoal que se adoptasen indebidamente en ausencia de masa salarial autorizada.

Artigo 8. *Remisión da masa salarial autorizada á Comisión de Seguimento da Negociación Colectiva das Empresas Públicas.*

A masa salarial das sociedades mercantís estatais, unha vez autorizada, será remitida pola Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas á Comisión de Seguimento da Negociación Colectiva das Empresas Públicas.

Disposición transitoria única. *Vixencia da presente orde ministerial.*

A vixencia desta orde ministerial non se verá afectada polo carácter anual das leis de orzamentos xerais do Estado, na medida en que se remitan ao procedemento de autorización de masa salarial establecido no artigo 27.tres da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de xuño de 2013.–O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.